

FAUSTO GALDO PRESENTOU Á PREGOEIRA NA SÚA TERRA DE ADOPCIÓN

Luz Pozo: «entrei en Viveiro como quen entra nun castelo encantado»

Luz Pozo Garza, pregonou as Festas deste ano, o pasado mércores, no Teatro Pastor Díaz, nun emocionado pregón no que estivo sempre presente a cidade de Viveiro e os anos de infancia e mocidade que a poetisa pasou nela. Lucita foi interrompida polos aplausos dos asistentes, que enchían o Teatro, e moitos deles, antigos alumnos e amigos de Viveiro, ó final agardaron para saudala agarimosamente.

Fausto Galdo, pregoeiro das Festas do 92, presentou a Luz Pozo aínda que el dixo que «Lucita é un persoaxe singular que non precisa de presentación en ningures, e menos aquí en Viveiro, a súa terra de adopción. Lembrou tamén Fausto a data do 27 de agosto de 1950, cando Luz Pozo acadou o Premio Adonais polos versos do «El Vagabundo», unhas «rimas sinxelas e directas que engaiolaron ao mestre Gerardo Diego quen, desde as páxinas literarias do «ABC», lle deu a benvida ó Parnaso», engadiu Fausto.

Na súa presentación o noso colaborador Fausto Galdo dixo que os poemas de Luz son como os «ollos de rapaciña cun anaco de bágoa asixando», e lembrou tamén a colaboración da poetisa nos programas de festas e pregóns de Semana Santa, así como a composición que ela fixera para o himno do Congreso Eucarístico. Sinalou Fausto a actividade de Luz no debuxo e no grabado, especialmente nunha abstracción de Viveiro con casas apiñadas, que o presentador ten na súa colección particular.

Para rematar, Fausto, recreouse no nome e apelidos de Luz Pozo Garza, nombrando o seu estudo sobre Cunqueiro, e lembrando a illa Colleira que amaba e tremaba Pimentel. Despedíndose así: «Voume porque estou roubándovos o tempo de Luz».

No seu pregón, Luz Pozo, escomezou dicindo:

Unha profesora rusa amiga miña, de San Petersburgo, preguntábame fai pouco, con esa fala misturada, entre inxenue e sabia, coa que, ás veces se expresan os estranxeiros: ¿sabes tí, Luz, onde está o país da alegría? (quería dicir onde se podería divertir, na ledicia sinxela da tradición popular). Naquel intre non souben responder, quedeime matinando, na onda da pregunta, que me traguía resonancias daquela ópe-

ra de Gounod, cando o vello doutor Fausto, para engaiolar a Margarita, preguntalle, con voz de barítono, «¿conoces tí o país onde florece a naranxeira?»

Se daquela non atinei coa resposta, agora, doume de conta de que, aquí, en Viveiro, nesta vila gozosa en Festas, está, con dereito propio, o país da alegría.

Agora é tempo ledo, agora é tempo de festa, en Viveiro sábese ordenar moi adecuadamente os espazos e os tempos da convivencia que acadan un ritmo mesmo vital. E non hai arbitrariedade nesta ordenación, non hai tampouco esnobismos nin maximalismo, a doada disposición temporal venlle a Viveiro dunha anterga tradición relixiosa e histórica, que se avén coas ensinanzas do Eclesiastés, onde se contempla un tempo para sementar e un tempo para recoller, un tempo para rir, e un tempo para chorar.

Viveiro prega e fai penitencia na solemne Semana Santa, Viveiro sábese divertir, cando o ciclo santoral exalta o misterio glorioso de Nosa Señora, e estou a sinalar únicamente dous intres culminantes en sincronía co ano litúrxico, pero son dous momentos extremos na oscilación do péndulo temporal que marcan o perfecto equilibrio do noso vivir.

VOLTAR

Agora que é tempo de festa, voltar ós lugares benamados, sempre evocados, onde pasamos parte da infancia e da xuventude (onde nos fumos formando con capacidade de lembranza), ben ser un premio, unha recompensa da vida. Na miña natureza hai tanto dinamismo como nostalxia, o que significa proxectarse ó futuro desde a evocación do tempo pasado, nostálxico.

Evocar significa chamar desde lonxe, chamar recordos e lembranza, para que acouguen no oco da alma e revivilo to-



«Sen pasado non hai presente nin porvir»

do de novo, nesa reviviscencia poden pasar moitas cousas, podemos vibrar nunha onda de felicidade polos tesouros depositados no espírito, ou podemos sentirnos valeiros, como se o pasado fose opaco, e cando non hai pasado, non hai tampouco presente nin porvir, estaríamos deshabitados de nós mesmos.

Hai tamén unha nostalxia: A daqueles que non aceptan as condicións do xogo da vida, os que penan porque queren volver atrás e non poden, pero hay que ser realistas, Rubén Darío foi posiblemente un deles cando escribira: Cuando quiero llorar no lloro /y a veces lloro sin querer... que quedou como a formulación máis acertada dun estado de ánimo nostálxico, inconforme, formulación que contrasta vivencialmente coa súplica, tan realista e patética, dos derradeiros anos: Francisca Sánchez, Acompañame!

Podémonos recrear nos recordos, como aquel outro gran nostálxico que se chamou Marcel Proust (deudor do filósofo Bergson, quen demostrou que a memoria é o espírito), e

(Ven da páxina 5)

a xente morriñenta, como somos os galegos, quedamos traspasados de pura nostalgia polo que levamos con nós do fermoso espacio que nos conformou, o Landro saudoso, a ponte milagrosa, o mar indefinido, tan cheo de misterio e de anceios indescifrables.

E se andamos lonxe do país e atopamos formas ou cores, ou ulidos semellantes ós da infancia, podemos morrer de saudade... Así, os que moran en lugares afastados, mesmo en América, voltan gozosos ó espacio añorado, co pretexto da festa e aínda para gozar nela o gozo pasado, para se atopar de novo co seu espacio vital, co indeleble paraíso primordial que vai connosco ata a morte.

No meu caso, os anos de Viveiro déronme un feliz coñecemento do entorno, todo iso que pasa a formar parte íntima do ser, na categoría inmorrente do espírito, mesmo as pequenas cousas: o sonido familiar das campás, o tintineo do ferreiro,

Luz Pozo: «Viveiro limita ó Norte coa Serea de Pastor Díaz»

A SEREA DE PASTOR DIAZ

Pola porta historiada do emperador entrei co pe dereito á idade máxica de sete anos, como quen entra nun castelo encantado para ascender polas rúas que me levan a lugares de fábula, para se perder nelas, hai rúas que conducen a vellas fontes, rúas que dan acceso a escalinatas, que son como unha letanía de pedra cando suben a Santa María, e son como grados de oración cando suben a San Francisco. Rúas de convivir, rúas de certeza cotidiana, rúas de antigo Viático na hora dun crepúsculo nordestio, rúas de ledas campás de misa de alba, rúas de noso Señor xacente, rúas dos caladiños pola Zapatería, rúas de mirtos e de rosas e de guirnaldas bellas... rúas de rómpeteelalma para baixar en patinete, vellas rúas en fin, para vivir e revivir na memoria, en dorado e azul, como un libro de horas, con algunha páxina en branco e con

algunha páxina orlada de negro... Rúas do meu Viveiro máxico, do meu espacio mítico.

Pastor Díaz coa «La Sirena del Norte», tamén lle puxo lindes míticos a estes espacios. Se me pediran que eu deseñase o mapa de Viveiro non dubidaría en pintar unha serea pequeniña, sobre a máis alta península dos Castelos, perdida a mirada no mar, azul, azul, azul, e ensinaría ós nenos das escolas a lección: «Viveiro limita ó norte coa Serea de Pastor Díaz», e os nenos quedarían pensando toda a mañá nunha fermosa rapaciña que peiteaba cabelos de sargazos de ouro coa man dereita, mentres alisaba coa esquerda as escamas de prata e diamantes dunha cola insinuante... perfecta. Pensarían nunha serea que cantaba divinas barcarolas en tesitura de soprano, tal día como hoxe, para anunciar as festas do mes de agosto, xa que as sereas non só en-

tonan suxestivas cancións para seducir navegantes, hainas que non se queren sentir marxinas, pola mala prensa que tiveron, e colaboran coa súa xente nos festexos da vila...

E un neno da escola preguntaría, ¿e tamén saben tocar as sereas?. Pois claro, hainas que tanxen instrumentos delicados como a harpa e o laúde, sei que hai tamén sereas que tocan a cornamusa, que viñeron a nado de Escocia, e as que tocan agora a gaita galega, que está moi de moda entre as da nosa bisbarra mariñán. ¿E algunha toca o violín?, preguntaría o rapaciño máis espabilado, tamén, Roquiño, o que non poden tocar as sereas e o violonchelo, debido á súa estrutura fisiolóxica, nin o piano, por suposto... E os rapaciños quedarían matinando coa boquiña aberta.

E así terminaba a clase de xeografía na escola, porque xa se oían ledos pasarrúas e estoupaban os cohetes da Festa.

¡Que o pasedes ben no país da alegría!